



ACORDO POLO QUE SE RESOLVEN AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS, NO SEU CASO, FRONTE Á LISTA PROVISIONAL, DE 2 DE MAIO DE 2022, DE ADXUDICATARIOS E DE ESPERA, EN SEGUNDAS OU POSTERIORES ADXUDICACIÓNS, DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR DE PROTECCIÓN OFICIAL DE PROMOCIÓN PÚBLICA SITUADA NA RÚA NOVA, NÚMERO 26, EN CENLLE (EXPEDIENTE OU-2017/010, CONTA 2) ASÍ COMO DAQUELAS OUTRAS VIVENDAS DESTE GRUPO QUE PUIDERAN QUEDAR VACANTES DURANTE O PERÍODO DE VIXENCIA DA LISTA DE ESPERA; E APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA.

Unha vez transcorrido o prazo habilitado para iso, constátase que non se formulou ningunha reclamación fronte á mencionada lista provisional.

De seguido a comisión de valoración, en cumprimento do preceptuado no artigo 25 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, pasou a examinar os expedientes relativos ós compoñentes da lista provisional existentes no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, téndose comprobado que todos os compoñentes da lista provisional reunían os requisitos esixidos no acordo de inicio do presente procedemento de selección.

Polo que, tendo en conta os razoamentos expostos e logo de examinar a documentación que obra nesta Comisión Provincial de Vivenda, esta, por unanimidade dos seus membros presentes,

## A C O R D A

*1. Aprobar a lista definitiva de adxudicatarios e de espera en segundas ou posteriores adxudicacións, dunha vivenda de promoción pública situada na Rúa Nova, núm. 26, de Cenlle (conta 2, expediente OU-2017/010), ó abeiro do establecido no artigo 26 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro.*

### *LISTADO DE ADXUDICATARIOS E DE ESPERA DEFINITIVA*

**Cupo: Xeral.**

**Núm. de vivendas sorteadas neste cupo: 1**

*Lista de adxudicatarios/as definitivos/as*

*1→ Credencial 78411 – María Ángeles Fernández Míguez*





*Lista de espera definitiva*

- 1→ Credencial 95317 – Simón Martín Fernández
- 2→ Credencial 86478 – Cristina Carrera Rodríguez
- 3→ Credencial 81578 – Ana Diéguez Varela
- 4→ Credencial 98255 – Daniel Sotelo Fernández
- 5→ Credencial 95455 – Daniel Domínguez Rodríguez
- 6→ Credencial 81580 – Cristina Sotelo Fernández

*2. Publicar a dita lista na páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no taboleiro de anuncios da Área Provincial de Ourense, e no taboleiro de anuncios do Concello de Cenlle.*

Ourense, 26 de maio de 2022

A presidenta da Comisión Provincial de Vivenda

Victoria Núñez López

*(sinatura electrónica á marxe)*

